

O Atlantic Pride celebrará a súa 6ª edición na Coruña do 6 ao 13 de xullo de 2025

Coñecido como o 'Orgullo do Norte', o Atlantic Pride é un festival pioneiro, gratuíto e inclusivo nacido na Coruña no ano 2019, destinado a reivindicar a liberdade afectiva, sexual e de identidade dende unha perspectiva lúdica e inclusiva

A cita está impulsada pola Asociación Orgullo Coruña -ORCO- e o Concello da Coruña e conta co apoio da Deputación da Coruña e o patrocinio principal de Estrella Galicia, Coruña The Style Outlets e Globalgrafic

Neste 2025, o Atlantic Pride regresa como un espazo de celebración aberto, seguro e diverso, como referente dos 'Orgullos' que se celebran no comezo do verán ao longo da Península e no que, un ano máis, se darán cita coloridas propostas para todos os públicos

Así, no Atlantic Pride 2025 non faltarán concertos de inspiración eurovisiva, grandes nomes do pop galegos, nacionais e internacionais, divertidas actuacións de drags, pinchadas de djs de referencia da escena galega e a celebración dun Certame Literario de Literatura LGTBI+, que en 2024 rexistrou o seu récord de participación

En 2024, o festival reuniu a máis de 25.000 persoas durante oito xornadas de concertos, da man de figuras como Vengaboys, Chanel, Nebulossa, Nena Daconte, Raúl, Rosa López, Las Ketchup, Shego, Luna Ki, Morreo, Supremme de Luxe, Mondra, Sila Lúa, Lontreira, Amoeba e máis dunha trintena de bandas e artistas de referencia

A Coruña, 17 de decembro de 2024.- O Atlantic Pride celebrará a súa 6ª edición na Coruña do 6 ao 13 de xullo de 2025. Coñecido como o 'Orgullo do Norte', trátase dun festival pioneiro, gratuíto e inclusivo nacido na cidade herculina no ano 2019, destinado a reivindicar a liberdade afectiva, sexual e de identidade dende unha perspectiva lúdica e inclusiva. A cita está impulsada pola Asociación Orgullo Coruña -ORCO- e o Concello da Coruña e conta co apoio da Deputación da Coruña e o patrocinio principal de Estrella Galicia, Coruña The Style Outlets e Globalgrafic.

Neste 2025, o Atlantic Pride regresa como un espazo de celebración aberto, seguro e diverso, como referente dos 'Orgullos' que se celebran no comezo do verán ao longo da Península e no que, un ano máis, se darán cita coloridas propostas para todos os públicos.



Así, no Atlantic Pride 2025 non faltarán concertos de inspiración eurovisiva, grandes nomes do pop galegos, nacionais e internacionais, divertidas actuacións de drags, pinchadas de djs de referencia da escena galega e a celebración dun Certame Literario de Literatura LGTBI+, que na súa pasada edición rexistrou o seu récord de participación.

En 2024, o festival reuniu a máis de 25.000 persoas durante oito xornadas de concertos, da man de figuras como Vengaboys, Chanel, Nebulossa, Nena Daconte, Raúl, Rosa López, Las Ketchup, Shego, Luna Ki, Morreo, Supremme de Luxe, Mondra, Sila Lúa, Lontreira, Amoebó e máis dunha trintena de bandas e artistas de referencia.

SOBRE O ATLANTIC PRIDE, O 'ORGULLO DO NORTE'

Impulsado pola Asociación Orgullo Coruña -ORCO- coa colaboración do Concello da Coruña, Atlantic Pride nace no ano 2019 coa vontade de situar á cidade herculina como a capital do bo ambiente e a celebración sen distincións nin barreiras. Trátase dun festival pioneiro, gratuito e inclusivo, destinado a reivindicar a liberdade afectiva, sexual e de identidade dende unha perspectiva lúdica e inclusiva. O proxecto, que trata de aglutinar a todas as capas da sociedade coruñesa dentro dunha contorna segura e amigable, desenvólvese en torno a varios días de concertos e actividades culturais, entre elas, o seu Certame de Literatura LGTBI+, coa fin de atraer ao público local e de fóra, como un referente cultural, turístico e social e unha das citas imprescindibles do verán no noroeste peninsular.

CONTACTO DE PRENSA

The Office Comunicación

Luisa Castiñeira

Tel. 620 113 155

luisa@theofficeco.es

DESCARGA PRESS KIT ATLANTIC PRIDE 2025

<https://cutt.ly/atlantic-pride-2025>

MÁIS INFORMACIÓN

<https://atlanticpride.es/>